




Caia auga e veña maio,
que xa temos pan pro ano.

17- MAIO: DÍA DAS LETRAS
GALEGAS



CAMIÑO DE SANTIAGO
PROXECTO DE CENTRO

Lecturamos

LECTURAMOS
O BLOGUE DA
BIBLIOTECA E EDL

MARE MAGNUM

17 de maio : Día das Letras Galegas

Francisco Fernández del Riego, tamén coñecido como *don Paco*, foi un personaxe clave do século pasado cuxo principal interese foi a revitalización da cultura galega.

Fernández del Riego naceu en 1913 en Vilanova de Lorenzá e estudou Dereito en Madrid e Santiago. Logo da guerra civil estableceuse en Vigo, cidade onde desenvolveu un intenso labor cultural. Desde moi novo participa nunha intensa actividade política e cultural, e no 32 incorpórase á militancia no Partido Galeguista intervindo na elaboración do Estatuto de Autonomía. A guerra civil de 1936 e a represión franquista terminan coa morte e o exilio de moitos amigos e compañeiros políticos. El quedou en Galicia pero tivo que agocharse un tempo e ocultar parcialmente a súa identidade. De feito, adoptou o alcume de Salvador

Lorenzana para poder publicar artigos e críticas literarias. Logo axudaría a reorganizar o Partido Galeguista na clandestinidade. Na busca dunha aparencia legal e co desexo de seguir coa causa galeguista impulsa a creación, en 1950, da Editorial Galaxia, e logo será co-director da Revista Grial. O seu principal interese foi a recuperación da vida cultural e artística galega durante a ditadura. Neste labor cultural destaca a intensa comunicación mantida cos galegos emigrados a América. Estes contactos mantéñense desde a década dos corenta mediante o envío de artigos e a publicación de obras a cargo das


institucións culturais do exilio. Ese labor cultural maniféstase nunha intensa colaboración con distintas institucións: a Fundación Penzol, o Patronato Rosalía de Castro, o Consello da Cultura Galega, etc...e, por suposto, a Real Academia Galega. Foi precisamente por iniciativa súa que esta institución decidiu celebrar cada 17 de maio, data da publicación de *Cantares Gallegos* de Rosalía, o Día das Letras Galegas. Fernández del Riego morreu en 2010 e doou ao Concello de Vigo o seu arquivo persoal, a súa biblioteca e unha colección de arte con máis de 200 obras de arte galega.

Día das letras
galegas 2023

Francisco Fernández
del Riego




*“Idioma meu, homilde, nidio, popular,
labriego, suburbial e mariñeiro
que fas avergonar
ó burgués, ó señorito i o tendeiro:
levas sangue do povo
e raigañas escuras
que anuncian un día novo
sin mágoas nin tristuras.
Idioma proscrito,
asoballado,
soterrado,
refugado,
negado
como a pobreza i o delito,
fala do emigrante e do maldito:
só resoas nos lares
das xentes populares.
¡Ti téis que rexurdir puro,
poderoso, enteiro
para erguer noso futuro
de pobo absoluto e verdadeiro!
(Manuel María)*



Degustando o mes das Letras Galegas

Moitos participantes neste sorteo e un só gañador. O 31 deste mes Ángel Martínez Morgade levou a cobizada cesta.



Letras Galegas e deporte “O galego dá moito xogo”

Celebración lúdicolingüísticadeportivaescolar na que participou o alumnado de 1º e 2º da ESO xunto co alumnado de 6º de primaria do CEIP Apóstolo Santiago de Franza e do CEIP Unión Mugardesa. Con todos os participantes identificados con cadansúa fita de cores e distribuídos en grupos iniciouse a actividade coa **Carreira da lingua**. O obxectivo era pintar un cadro seguindo as pistas obtidas na carreira.



O equipo gañador



Logo os equipos participaron en distintos xogos



Radio na Biblio

Letras Galegas



Nerea, Laura e Hugo, de Artes Escénicas e Danza, fan un repaso pola vida e obra do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.



O alumnado de 1º e 2º da ESO tamén repasa a vida de Fernández del Riego

Entrevista a Endika



Eneas e Antía entrevistan a Endika, alumno de 3 ESO, e desvelan a súa faceta de compositor

Miúda historia...

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN

DEPARTAMENTO DE GALEGO



LETRAS GALEGAS

ESCRIBE CON LETRA CLARA E EN MAIÚSCULA **TRES PALABRAS** E CONTINÚA A HISTORIA.

	Autor/a
<p>NO MÁIS PROFUNDO DOS MEUS SENTIMENTOS QUERO VOLVER VIVIR AQUEL MARABILLOSO VERÁN. AÍNDA RECORDO CANDO ESTABA NAQUELA CABANA, COS MEUS AMIGOS, E EMPEZAMOS A FACER MOITAS COUSAS, ATA QUE CHEGOU UN OSO PARDO.</p> <p>RECEI UNHA ORACIÓN O PASADO DOMINGO PARA QUE NON TIVERA MÁIS MEDO, PERO NON FUNCIONOU, PORQUE O OSO ENTROU EN MEDIO DUN SONO PROFUNDO.</p> <p>TODOS OS AMIGOS APROVEITAMOS PARA FUXIR, POLO CAMIÑO ATOPAMOS CACAHUETES ARDENDO MOITO, COMÍMOSLOS CON DELEITE E DE SÚPETO CHEGOU O OSO CON CARA LARPEIRA E FALOU INGLÉS: SON ALÉRXICO, MERDA!. FALECEU SIN MÁIS. ALEA IACTA EST.</p> <p>ENTÓN ENTERREI O CORPO NA TERRA ADORNÁNDOO CON FLORES E CUNHA LÁPIDA DE MÁRMORE BRANCO.</p> <p>PERO OCORREU ALGO, APARECEU UNHA AGARIMOSA BOLBORETA QUE BRILLABA MOSTRANDO UNHA TERRIBLE SILUETA DANADA POR COMPLETO. ERA O FANTASMA, DABA MOITO MEDO. ENTRARA POLA PORTA, E GRITOU FORTE, MOI, MOI FORTE. DE SÚPETO DÍXOME: "VEÑO PARA REVIVIRO!". E EU DÍXENLLE: "NON TE ATREVAS A FACERME NADA". A SÚA RESPONSA FOI: "NON TE ESCAPARÁS".</p> <p>DE SÚPETO CORREU, E MARIO FACUNDO, O FILLO DE MARÍA CASTROS, TROPEZOU, MORTO DE MEDO. COMEZOU A BERRAR, PERO FOI EXORCIZADO POR UNHA BRUXA. TAMÉN MANDA CARALLO. NON PODO MÁIS.</p>	<p>Olga C./ Micaela R./ Montse A./ Carlota F./ Antía M./ Eneas P./ Iker F./ Breogán C./ Gabriel A./ Endika D./ Serafin/ Jesús/ Juan V./ Lucas S./ Fátima P./ Lara M./ Mario L./ Jorge G./ Antonio R./ Raquel S./ Rafael L./ Ofelia L./ Miguel V./ José Luis M./ Ánxela C./ Patricia S./ Juan José G./ Jessica G./ Raquel D./ Miguel G./ Mishelle C./ Daniela C./ Begoña G./ Alex N./ Iria L./ Enar I./ Martín L./ Laura V./ Hugo R./ Noemí A./ Sofía C./ Sheila H./ Xael R./ Alicia P./ Bruno T./ Enrique G./ Idaira/ Melani/ Annaig/ Gabriel/ Uxía/ Gabriela/ Lorena/ Paula/ Carolina/ Antía/ Mariña/ Barcia/ Mario/ Poncela/ Paula R./</p>

A festa dos maios

Un ano mais, Mugarbos voltou a recuperar a festa dos Maios impulsada pola asociación cultural Apelón Educación para os centros educativos. O alumnado deuse cita no cantón de Cora para a realización dos monumentos vexetais. No noso caso, participapamos co alumnado de 1.º ESO, que confeccionou unhas coplas, e FP Básica, que se encargou da estrutura do barco floral. Ademais, axudaron aos máis cativos a colocar as flores.



2023 MaioS

Déano-lo maio, donas e cabaleiros se non teñen maio, déannos diñeiro.

Non te fies demasiado das cartas de Valentín, ou dun match de tánder que che fai tilintilín.

Na primavera as flores alegran con emoción. Os meus ollos por tí choran, alerxia do corazón.

Neste maio imos cantar e pintar con moitas cores esta tola primavera: pouca chuvia e só calores.

Nós en primeiro da ESO estudamos bioloxía, sabemos que no futuro cambia a meteoroloxía.

O clima está cambiando; por un lado fortes trombas e en case toda a península raios de sol coma bombas.

O reino dos animais está cheo de sorpresas, pero sempre os depredadores paparon os pobres presas.

Ás veces na Hora de Ler temos que abrir o xornal, unha chea de noticias que nos fan sentir fatal.

Fáichenos sentir fatal a grande suba dos prezos, cústanos todo ben caro luz, gasóleo, alimentos...

Acabou logo a pandemia pero empezou outra guerra, entre Rusia e mais Ucraína isto non hai quen o entenda.

Non haberá unha vacina que pare esta epidemia: a estupidez humana e de Putin a soberbia.

Para que remate a fame temos que axudar a xente, de todas as desgrazas a de África é moi urxente.

No país do tío Sam goberna Biden o vello non se quere retirar e viaxar co inserso.

Xa chegan as eleccións, a estas non se presentan nin Sánchez nin o Feijóo: votalos non teñen presa.

Xa temos nova bandeira na casa do noso Concello, parecemos da Ucraína con tanto azul e amarelo.

Cóntase dun autobús que chegou puntual a Ares, Así como volo conto parece case un milagre.

O Galicia de Mugarbos tenvos novos seareiros, Galiciabears se chupan nese inglés de pulpeiros.

Por este chulo recinto, instituto de Mugarbos, están por chegar as notas con rosas e moitos cardos.

Pasamos algún traballo neste curso fabuloso non se sacan todo deces sen botarlle algo de esforzo.


As vacacións están cerca, desexámolas con amor para pasar a segundo cargadinos de razón.

Os exames xa se acercan prós rapaces de Mugarbos, os alumnos xa están fartos necesitan un descanso.

Que ben o pasamos na aula con Montse e con Poncela, aprendemos moito léxico e xa temos verborrea.

Despedimos aos titores que nos tratan coma reis. Con moitísima emoción adeus Fabio e Raquel.

E víche-lo maio, e víchelo ben, agora xa se foi ata o ano que vén.



Alumnado de 1.º ESO
Curso 2022-2023

Concurso de fotografía: AS IMAXES DO PATRIMONIO



As fotografías deben conter imaxes anteriores a 1970, presentaranse dixitalizadas e acompañadas dun texto descriptivo. Cada

alumno/a participante poderá presentar un máximo de dúas fotografías propiedade da súa familia. A maiores, é posible participar no certame cun podcast sobre unha das imaxes presentadas. Premios: ordenador portátil e tabletas. Prazo de participación: ata o **23 de xuño** de 2023. Enderezo electrónico para a consulta de dúbidas: ondas@pontenasondas.org.


Arte no Camiño



Mosteiro de Samos

Lugar de obrigada parada para os camiñantes e peregrinos que se dirixían a Santiago de Compostela, como hospital e albergue. Despois de moitos altibaixos, con incendio destrutivo incluído (1558), no século XVIII os peregrinos podían comer no refectorio do mosteiro, durante tres días, o mesmo que comían os monxes. Se os peregrinos eran sacerdotes ou personaxes importantes tiñan tamén cama no mosteiro. Na actualidade, a reducida comunidade de monxes rexenta un albergue de peregrinos con 90 prazas, situado na planta baixa do mosteiro e que permanece aberto todo o ano. O actual conxunto do mosteiro procede en gran medida do século XVIII. Destacan a monumental igrexa e os seus claustros, como o moi popular de As Nereidas, coa súa singular fonte barroca. Neste cenobio residiron personalidades como o rei Alfonso II o Casto, descubridor do sepulcro de Santiago (s. IX), e o erudito Pai Feijoo (s. XVIII). A uns 150 m do mosteiro atópase a famosa capela do Salvador, prerrománica, á sombra dun gran ciprés.

Mural de Rosalía De Castro



“Polo día de Rosalía os alumnos de Debuxo artístico de 1º Bach decidimos homenaxear a esta autora pintando un mural. Aínda que tardamos tres meses en pintalo pasámolo moi ben e xurdiron moitas anécdotas graciosas que sempre lembraremos.”

Marta, Elsa, Lorena, Noelia, Pablo e Carolina

Despedida 2º Bacharelato

A tarde do venres, 19 de maio, celebrouse o acto de despedida da flamante promoción de bacharelato 2021-2023. Parabéns aos novos bachareis que afrontan unha nova etapa nas súas vidas.



Finalistas da XIII Incubadora de Sondaxes e Experimentos da SGAPEIO


O grupo de 1º ESO B composto por Yerai, Rebeca, Adriana e Pepe foi seleccionado para defender o seu traballo "Saberías diferenciar a intelixencia artificial da intelixencia natural?" na gran final que terá lugar na Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela o vindeiro 9 de xuño. Optarán a ser campións autonómicos e representar a Galicia na final estatal de Zaragoza. Os proxectos de "Ortografía - Lectura" do grupo de 2º ESO B conformado por Mishelle, Anxo, Eva e Naim e "Reciclaxe no IES de Mugardos" de Alexander, Héctor e Jairo de 2º FPB tamén foron premiados con senllas mencións especiais. Parabéns a todas e todos polo esforzo!

Concursos matemáticos

Pituits gañadores: Claudia F. (2º Bach)



Certame de vídeos: Claudia S. (2º Bach)



Entrega de premios 2º reto Camiño inglés

O xoves 18 entregamos o recoñecemento aos participantes que superaron os segundos 50 km simbólicos do Camiño Inglés



rexistrados na aplicación Strava. O acto consistiu na entrega de diplomas, medallas e trofeos. Parabéns a todos. Só queda un reto!